

A MOCIDADE COA LOITA DO METAL!

**Basta de precariedade,
por un futuro digno!**



**Todos á manifestación xoves 3 de xuño
ás 19:30 Praza dos Cabalos (Vigo)**



Os traballadores do metal están a librar unha loita impresionante. Despois da sinatura do convenio do metal en maio entre CCOO, UGT e a patronal do metal —que supuxo unha baixada salarial duns 100 euros ao mes—, **a Plataforma dos Traballadores do Metal amosou como loitar** contra aqueles que atacan as condicións de vida da clase traballadora.

Participando na mobilización do Primeiro de Maio onde sinalaron a traizón dos sindicatos asinantes e a pasividade da CIG, organizando o 12 de maio unha manifestación que contou con medio millar de traballadores ou, sen ir máis lonxe, creando a Plataforma de Traballadores do Metal para **loitar dende abaixo e defender un sindicalismo de clase e democrático**.

Levamos anos de continuos ataques aos servizos públicos, ás condicións de traballo e ao desmantelamento da industria en Galiza, deixando á clase traballadora e á mocidade sen unha alternativa de emprego digna, mentres os grandes empresarios enchen os petos coa nosa suor. Por este motivo, **dende o Sindicato de Estudantes queremos transmitir, unha vez máis, todo o noso apoio e solidariedade** coa loita do metal vigués. Os fillos e fillas da clase traballadora, aos que nunca nos regalaron nada, estamos ao voso carón. Como berramos en tantas protestas: **¡obreiros e estudantes, unidos e adiante!**

Agora é o momento de continuar esta batalla e estender a loita a toda a poboación de Vigo. **Hai forza para anular o acordo**. Cun plan de loita serio e contundente, que culmine coa convocatoria dunha folga xeral do metal de 24 horas, o acordo converteríase en papel mollado e o seu exemplo nun referente para o resto dos sectores.

O Sindicato de Estudantes convoca a tódolos estudantes e á mocidade viguesa a participar na **manifestación do vindeiro xoves 3 de xuño ás 19:30 dende a Praza dos Cabalos**. Temos que facer desta mobilización unha gran demostración de forza e amosar o noso rexeitamento á voracidade dos patróns. ¡Basta de precariedade, salarios miserables e paro!

VIVA A LOITA DA CLASE TRABALLADORA!

OBREIROS E ESTUDANTES, UNIDOS CARA ADIANTE!



www.sindicatodeestudiantes.net